

# ZERRA e ZEMPO

Revista de información, análise e interpretación

Nº 6/7 - Setembro do 97 a Abril do 98 - 600 Pta.



ENTREVISTA A BEGOÑA ARETXAGA

A NACIÓN IMAXINADA

**Xoan Carlos Garrido Couceiro**  
**Sónia Sánchez Muñoz-Redondo**

A EXPLOTACIÓN DAS MULLERES

**Maria do Carme Garcia Negro**

SER LABREGO É DIFÍCIL,  
SER LABREGA CASE IMPOSÍBEL

**Lidia Senra Rodríguez**

SITUACIÓN ACTUAL DAS  
MULLERES

**Olaia Fernández Davila**

PROPOSTAS PARA UNHA MELLORA  
NAS CONDICIÓNS DE TRABALLO

**Rosa Abuin Rodríguez**

LITERATURA E XÉNERO

**Pilar Pallarés**

MULLERES E IDIOMA GALEGO

**Maria Pilar Garcia Negro**

A VERDADEIRA ROSALIA

**Kathleen March**

MULLER E MEIOS DE  
COMUNICACIÓN

**Amanda Álvarez González**  
**Tareixa González Navaza**

A IDENTIDADE SOCIAL DAS  
MULLERES GALEGAS

**Kellie C. Germond**

## DOCUMENTOS

CARÁCTER POLÍTICO DA  
DESIGUALDADE DAS MULLERES

**Comité Central da UPG**

DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO

**Jodi L. Jacobson**

VIOLADOR PASIVO

**Eva Giberti**

A CUESTIÓN FEMININA

NOS NOSOS MEIOS

**Lucía Sánchez Saornil**

# Xénero e Nación



# A verdadeira Rosalia

KATHLEEN MARCH

Co risco da repetición, afirmamos atopar-mo-nos aínda a finais do século XX cunha imaxe de Rosalia de Castro que non ten mudado da orixinal, establecida pouco despois da morte da autora en 1885. As características son claras: muller de provincias, escritora en galego, dona dun home escritor/intelectual, nai solidaria dos pobres. Destas cualidades podemos deducir que ela era tímida ou que vivía retirada e daí, podemos facer unha lectura da súa obra, baseándonos no biográfico ou anedótico.

Sen embargo, é preciso admitirmos que a suposta lectura que fagamos dela pode ser dupla: pode-se facer desde ópticas contrarias e depende da ideoloxía dos lectores. Segundo a primeira lectura ou perspectiva, imos atopar unha muller con vontade débil (colabora no traballo do home, admite o retiro), con limitacións de ideas e estilo (romántica atrasada, non coñecedora da literatura nen da historia), escritora instintiva (de novo, falta de técnicas literarias, em-

**Se mudamos de lente, todo o anterior muda-se tamén. Atopamos doado identificar a voz de protesta da autora, nas moitas obras e intres nos que expresa clara e fortemente o desengado coas condicións de vida reinantes na Galiza do XIX**

prego de formas populares xa feitas), irracional (xorden as criazóns sen pensar nen elaborar), medoñenta (chea de sombras negras do que vai vir) e con complexo de vítima. Segundo a outra lectura, "sorprendentemente" podemos atopar unha muller con forza de carácter (protesta contra certos lectores, contra a vida retirada, contra outras cousas máis, nas súas cartas e nas obras), cunha amplitude de ideas e enfoques (tentativa de novas formas poéticas, le moito e mesmo cita as obras de autores de outros países, as que a miúdo le en francés), consciente do seu arredor (as obras dela fan referencias a sucesos históricos ou condicións sócio-económicas, o estilo romántico é fundamentalmente unha paródia do heroi e os motivos desa modalidade literaria), valente (as críticas en defensa das mulleres e dos galegos son enormes e non se agachan, sexan denuncias como a de La hija del mar, sexan fantasías como "A xusticia pol-a man"), comprometida.

Por que, preguntamos, existen tais diferenzas? Como podemos facer unha lectura tan distinta dunha Rosalia que durante anos fora retratada polo primeiro fato de características e como podemos pensar nunha alteración tan radical na xeira actual? A resposta é sinxela: cando lemos unha obra, normalmente aplicamos a nosa ideoloxía para interpretala. Desde a publicación das súas obras, podemos admitir que Rosalia de Castro fora lida e comentada por homes. Poucas mulleres, aínda que fosen lectoras, chegarían a publicar críticas e así as interpretacións do xénero masculino son as que fican desde entón até moitos anos despois. Tamén a autora galega fora lida por xentes do mundo castelan-falante e de Galiza. Na súa época a meirande parte dos críticos non publicaban en lingua galega, apesares de saber falala non era unha lingua de prestixio cultural e portanto a que a empregaba podía ser pioneira e solidaria mais tamén podía ser etiquetada como "rústica" ou "provinciana". Os comentarios dos críticos reflicten a ambigüidade desta posición. Enfrontado ao provincianismo galego estaba o coñecemento dun goberno central e unha etnia casteláns que eran preferíbeis (aínda que as bases para tal actitude non serían comprobábeis nen expresábeis). Tratábase, entón, dunha perspectiva que artellaba xénero feminino (fraca, sentimental) coa etnia galega (desprestixiada, primitiva, asoballada na súa mentalidade) e cos campesiños (pobres,



infantis). Como defensora deste mundo, Rosalia podía ser admirada e non temida. Era un mundo, unha "rexión", sen transformación posíbel, vítima dunha realidade fixa mália a sua beleza e dignidade rústicas.

Se mudamos de lente, todo o anterior muda-se tamén. Atopamos doado identificar a voz de protesta da autora, nas moitas obras e intres nos que expresa clara e fortemente o desengano coas condicións de vida reinantes na Galiza do XIX. Escoitamos á narradora de *La hija del mar* cando avoga polas mulleres e a terra galega, ou a Mara da novela *Flavio* cando se ri do pretendente infantil e egoísta, ou a Musa que perfila a literatura de baixa calidade que se publica en Madrid (*El caballero de las botas azules*), ou as múltiples voces poemáticas que falan, entre outras cousas, das viúvas dos vivos. En todos estes casos a solidariedade é indício de compromiso, de consciéncia do que pasa e existe no mundo galego e do desexo de usar a críazón literária para testemuñar a inxustiza. E pensando-o ben, o suposto medo que non leva nome non ten por que ser un temor irracional senón que pode ser a negación a nomear a verdadeira figura escura, o poder de diversas normas (económica, patriarcal, lingüística). A multiplicidade de por si podería ocasionar a anonimidade e ao mesmo tempo intensifica-lo, asignando-o a todos os niveis.

Coa lente masculinista ou hispanista, facer a segunda lectura non é cómodo: significa recoñecer o valor e dereito de grupos que poden facer-lles un desafío ás estruturas hexemónicas. Aillá-la, non permitir-lle un contexto máis amplo, axuda asimesmo a controlar a imaxe dunha Rosalia débil, inconsciente, secundária e atrasada. Cando a crítica feminista e a nacionalista –que moitas veces é a mesma– fixo notar a sua presenza a partir de 1980, un dos seus procedimentos foi o de conectá-la co seu tempo. E conectá-la significou identificar as semellanzas tanto con outras mulleres contemporáneas e escritoras devanceiras como coas ideas de resistencia e a protesta política que existiran até e durante o século pasado. Facia falla unha nova lectura, máis baseada nos textos de Rosalia e non na ideoloxía que os interpretara até entón. Non está claro como as voces fortes na prosa e poesía de Castro fosen tan silenciadas, mais a comparación con nomes como Gertrudis Gómez de Avellaneda (Sab), Harriet Beecher Stowe (Uncle

**Facia falla unha nova lectura, máis baseada nos textos de Rosalia e non na ideoloxía que os interpretara até entón**

Tom's Cabin), Maria Susana Cummins (*The Lamplighter*), Madame de Staël (Corina) e George Sand e cos de Mary Wollstonecraft Shelley (*Maria, or the Wrongs of Woman, Vindication of the Rights of Woman*) e Mary Shelley (*Frankenstein*) nun nivel máis profundo revela que en todas istas escritoras hai un declarado rexeitamento das circunstancias inxustas das suas sociedades respectivas.

Os escritos supostamente marxinais de Rosalia tamén viñan xogar un papel na nova imaxe dela: "Lieders", "As literatas", os prólogos, por exemplo. Pensa-se máis nas supostas autoridades que viñan definindo unha vida como retirada: patriarcas como o propio marido e Otero Pedrayo, que ou non querían ou non podían ver, a realidade persoal e política de Rosalia. Os casos de escritoras que teñen experimentado unha falsa mitificación ou denigración semellante son moitos. Actualmente, por exemplo, está-se a contruir unha nova identidade para Emily Dickinson e George Eliot, e están sendo descubertas cada vez máis autoras, pintoras ou políticas "guerrilleiras" anteriores ao século XX.

Rosalía de Castro -por fin se ve- foi muller, intelectual e voz política do seu tempo. Aínda que os ollos máis tradicionais e interesados sigan a ve-la fora do contexto apropiado, está a ser cada vez máis difícil o que lles admitan a idea da muller choromiqueira, caseira, sentimental. É de esperar que se atopen aínda máis conexións e dados que revelen a verdade. É hora de que a Rosalia galega deixe de ser colonizada polos literatos do mesmo xeito que o fora a sua terra. ♦

**Kathleen March** Estudou na Universidade de Buffalo (Nova Iorque) e traballou en varias universidades. Actualmente é profesora de Literatura latino-americana e española na Universidade de Maine (EE.UU.). Fundadora da Asociación de Estudos galegos de EE.UU., fixo varios traballos sobre a literatura galega.